

OFERTA DAS EDM BARREIROS MENORES

CÓDIGO	ACTIVIDADE DEPORTIVA	PRAZAS	IDADES	FRECUENCIA	INSTALACIÓNS
EDMM_EM	Escola Multideporte	15 por grupo	De 4 a 12	2 días á semana	Pavillón Polideportivo de San Cosme Pavillón do CEIP de San Miguel de Reinante
EDMM_NAT	Natación Escolar	18 por trimestre	De 4 a 12	1 día á semana	Piscina Municipal de Ribadeo
EDMM_FS	Fútbol Sala Base	15 por grupo.	De 8 a 15	2 días á semana	Pavillón Polideportivo de San Cosme
EDMM_S	Surf	14 por grupo	Mínimo 8	2 días á semana	Praia de Coto (Barreiros)
<b>NOVIDADE</b> EDMM_BAILE	Baile infantil	15 por grupo	De 4 a 12	1 día á semana	Pavillón Polideportivo de San Cosme

EDMM \_ BAILE: **BAILE INFANTIL**

*O desenvolvemento das actividades rítmicas con bases musicais como é o baile favorece o control motor dos nenos/as, a capacidade de interacción co medio e co resto das persoas e aporta beneficios cardiovasculares e respiratorios.*

**De abril a xuño**

1 clase á semana.

**Horario:** Martes lectivos de 18:15h. a 19:15h.

**Instalación:** Pavillón Polideportivo de San Cosme

**Inicio da actividade:** **martes 19 de abril**

**PERSOAS DESTINATARIAS**

Poderán inscribirse na actividade as persoas nadas entre 2008 e 2017, ambos inclusive.

**INSCRICIÓN.**

*O prazo para as solicitudes de inscrición estará aberto dende o **06/04/2022** ata o **15/04/2022 ás 14:00h**. No caso de quedar prazas libre o prazo manterase aberto ata cubrir as prazas.*

*So se poderá presentar un formulario de inscrición por persoa, de solicitar praza para varios menores realizarase unha inscrición por cada menor.*

*No caso de solicitar praza para unha persoa xa inscrita nas EDM BARREIROS MENORES deberase indicar na solicitude de inscrición, quedando así exenta de aportar a documentación requirida xa que se tomará a facilitada na solicitude de inscrición vixente.*

**TAXAS.**

- **Para os Nen@s inscrit@s nas EDM BARREIROS:**  
Inscrit@s na actividade de MULTIDEPORTE: Gratuito  
Inscrit@s noutras actividades das EDM BARREIROS: 10€/mes
- **Para os Nen@s NON inscrit@s nas EDM BARREIROS:** 15€/mes

*Coa formalización da inscrición facilitaranse os datos bancarios para emitir os recibos mensuais do custo da actividade.*